



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DO SAVIÑAO PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO AUDITORIO (CASA DE CULTURA) DE ESCAIRÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello do Saviñao o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O acondicionamento e mellora do Auditorio (Casa de Cultura) da localidade de Escairón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O acondicionamento do Auditorio ten por obxecto principal o fomento e promoción da cultura, e a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural dentro da programación anual que fai a Consellería, no que se trazan as directrices a seguir dentro do mapa de infraestruturas socioculturais de Galicia.





Coa realización destas actuacións de acondicionamento do Auditorio, o Concello de O Saviñao pode ofrecer un servizo axeitado a toda a poboación. Dispor dun auditorio no concello nunhas condicións óptimas para o seu uso por todos os cidadáns é a mellor forma de ofertar un servizo público do que debemos responsabilizarnos.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece co Auditorio de Escairón, único con estas características que necesita do acondicionamento necesario para poder ofrecer un servizo permanente durante todo o ano á poboación do concello e tamén a usuarios de concellos limítrofes; para elo cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ó uso das fontes de coñecemento e da cultura.

Por todo o anterior é o Concello de O Saviñao o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2017.

